

REUNIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA

Acta de 18-xullo-2011

Asisten:

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Ledo Pernas, Félix (CUT)

Boado Sexto, José Antonio (CUT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

Pena Pérez, Enrique José (CIG)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

López Domínguez, Javier (CC.OO)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Romero Beade, Manuel (USO)

Non asisten:

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Muñíz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

Iníciase a reunión ás 9:30 horas na sala nº 2 da Reitoría da Universidade.

Coa seguinte **orde do día**:

Punto nº 1.- Proposta para a Xerencia.

Punto nº 2.- Revisar informe sobre a xubilación de compañeiro INEF.

Punto nº 3.- Convocatorias que faltan:

- Técnicos especialistas de laboratorio
- Obras (xa vos madei os temarios de varias categorías (arquitecto, téc. sup. mantementos e aparellador)
- Riscos laborais.

Punto nº 4.-Rogos e preguntas.

Desenvolvemento da sesión, acordos:

Punto 1.- Decídese a elaboración dunha serie de puntos a plantexar na reunión da negociación do IV Convenio sobre os que se pedirá pronunciamento expreso da Xerencia, decídese, por unanimidade dos presentes, que sen acadar unha vía de desenvolvemento dos mesmos non continuaremos a negociación.

PROPOSTAS NEGOCIACIÓN CONVENIO.

Presentación de proposta de RPT de maneira urxente.

ECONÓMICAS

- Recuperación da capacidade adquisitiva perdida nos anos 2010 y 2011.
- Implantación do complemento de produtividade similar en contía e forma ao que actualmente ten o colectivo funcionario

TRANSITORIA SEGUNDA - RPT.

- A Quen afecta?: 100% GRUPOS 4a/4b
- Cando?: Convocatoria del curso e proba antes de novembro 2011. En ningún caso nin o curso nin a proba coincidirán cos temas dos que xa foron examinados os afectados/as.
- Cómo?: Procedemento: Curso para cada categoría e proba por categoría, baseada nos citados cursos. Establecemento de, polo menos, 3 convocatorias.

PROMOCIÓN E TRASLADOS HORIZONTAIS.

- TRASLADO HORIZONTAL:

Previa acreditación dunha competencia válida, facilitarase a mobilidade horizontal entre categorías do mesmo grupo. Dita acreditación conseguirase pola realización dun curso con superación de proba, coa superación dun proceso selectivo sen haber obtido praza ou cunha acreditación da mesma categoría obtida noutra administración pública.

- PROMOCIÓN HORIZONTAL:

Adaptación ao novo sistema de clasificación profesional do E.Público establecida no EBEP, facilitandoa promoción horizontal segundo o mesmo estatuto. Reorganización da RPT en función destes criterios.

FUNCIONARIZACIÓN

Unha vez estruturada a RPT, adaptándose ao EBEP, negociación dun proceso de funcionarización que terminará antes de novembro de 2012.

Punto 2.- Acórdase instar á xerencia a que axilice o proceso de xubilación parcial solicitado polo compañeiro do INEF.

Punto3.- Acórdase instar que se fagan as propostas de temarios que faltan.

Sen máis incidencias remátase a sesión ás 14:30 horas

A Coruña, 18 de xullo de 2011

Comité de Empresa.